

II Campeonato Internacional de Fútbolín “Na Fín do Mundo” “ALEXANDRE DE FISTERRA”

9 DE SETEMBRO 2016

NA RÚA REAL DE FISTERRA

ÁS 6 DA TARDE

BASES

PRIMEIRA. -OBXECTO.

Convócase o 2º Campeonato internacional de fútbolín “Alexandre de Fisterra” co obxecto de fomentar a participación e convivencia dos veciños durante as festas da localidade.

SEGUNDA. -PARTICIPANTES.

Poderán participar todos os veciños que o desexen formando parellas. Acéptase só unha inscrición por parella.

3 categorías:
Infantis - De 7 a 10 anos.
Xuvenis - De 11 a 17 anos
Adultos - De 18 a 99 anos

TERCEIRA. -INSCRIPCIÓNS.

As inscricións efectuaranse nas oficinas do Concello de Fisterra de 08:30 a 14:30 horas, ou no enderezo electrónico culturafisterra@hotmail.com, deixando nome, apelidos, idade e o teléfono de contacto.

A inscrición é totalmente gratuita desde o 26 de agosto ata o 6 de setembro.

CUARTA. -CELEBRACIÓN.

O lugar de celebración será na Praza da Constitución o día 9 de setembro ás 6 da tarde. A clasificación, os cuartos de final e a final o mesmo día.



CONCELLO DE FISTERRA

CONCELLERÍA DE CULTURA

QUINTA. - NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO

Cada equipo estará formado por dous xogadores, sendo un deles o capitán.

Os equipos poden estar formados por homes, mulleres ou mixtos.

Cada enfrontamento xogarase ó mellor de 15 bolas.

O saque inicial realizarase dende o medio do campo.

No caso de empate entre dous equipos xogarase novamente un enfrontamento directo ó mellor de 1 partida.

O equipo que encaixe un gol recibirá a bola e sacará dende a súa portería.

As bolas que saian fora do campo, poranse en

movemento desde a defensa polo lado onde saíu.

Queda terminantemente prohibido:

Arrastrar (paseo), tanto en bola parada, como en bola en movemento, nas barras dianteiras.

O contrario na defensa dende a dianteira.

Soplar a bola ou tocala coa man estando dentro.

Mover, levantar ou golpear as barras do fútbolín.

No caso de que exista calquera anomalía ou contradición non contemplada neste regulamento, os monitores tomarán as medidas necesarias e resérvanse todas as decisións que procedan para o correcto e puntual desenvolvemento do torneo.

Todos os xogadores, polo simple feito de formalizar a súa inscrición, comprométese a aceptar as regras e acatar as decisións da organización e fallo do árbitro.

SEXTA -PREMIOS.

1º Premio Infantil: Trofeo para cada xogador e unha cesta de produtos artesanais patrocinada por ETEL & PAN

1º Premio Xuvenil: Trofeo para cada xogador e unha cesta de produtos artesanais patrocinada por ETEL & PAN

1º Premio Adultos: Trofeo para cada xogador e unha cesta de produtos artesanais patrocinada por ETEL & PAN